

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE NOVEMBRO DE 2016

LICENZAS FAVORABLE.-

LAP/60/2012.- AUTOMÓVILES LOUZAO, S. L.- Conceder a modificación da licenza de obras e apertura concedida pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, na sesión do 21 de febreiro de 2013, para legalización e ampliación de local de venda, reparación e mantemento de vehículos na estrada da Coruña – Boisaca km. 59.

LIC/653/2015.- FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA.- Conceder licenza para a execución de obras de construción dunha Escola Infantil de 6 unidades na rúa Ángel Rodríguez González (de), nº 44.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión da modificación da licenza de obras e apertura concedida pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, na sesión do 21 de febreiro de 2013, para legalización e ampliación de local de venda, reparación e mantemento de vehículos na estrada da Coruña - Boisaca km. 59. LAP/60/2012. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de construción dunha Escola Infantil de 6 unidades na rúa Ángel Rodríguez González (de), nº 44. LIC/653/2015. Acórdase conceder a licenza á Fundación Amancio Ortega para a construción dunha escola infantil de seis unidades, cun orzamento de execución de 1.021.187,91 euros.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á aprobación do expediente do servizo para o desenvolvemento do xeoportai/IDE do concello, aprobación do gasto e apertura do procedemento de contratación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, cun tipo de licitación de 36.300 euros, IVE incluído.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao inicio dos trámites para a incorporación de dous novos taxis accesibles no ano 2017. Acórdase iniciar os trámites para a incorporación de dous novos taxis accesibles en 2017, aos efectos de dar cumprimento da planificación aprobada pola Xunta de Goberno do 11 de novembro de 2008 para acadar o obxectivo de que o 5% das licenzas de taxi existentes na cidade sexan de vehículos adaptados.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adhesión á REDE ESTATAL DE ENTIDADES LOCAIS POLA COMPOSTAXE DOMÉSTICA E COMUNITARIA. Acórdase a adhesión do Concello de Santiago á “Rede Estatal de Entidades Locais pola Compostaxe Doméstica e Comunitaria”, con data efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2017. Deste xeito, asúmese o compromiso de desenvolver políticas locais que impulsen a compostaxe doméstica e comunitaria, a través de campañas educativas, informativas e experiencias piloto

7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación da xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña correspondente ao programa DP007: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para actividades de promoción turística durante o exercicio 2016. Apróbase a xustificación da subvención, que ascendeu a 2.001 euros

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Apróbase a proposta.

66.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

67.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra a denegación dunha exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana (Acordo da sesión de 20 de maio de 2016). Apróbase a proposta.

68.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha exención no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á asignación do xurado dos premios do Concurso de Ideas e Procesos Colaborativos para o Emprego, INDEA. Apróbase a proposta.

2.-Informe do director da Asesoría Xurídica do Concello relativo a sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre prezo xusto en expropiacións en Triacastela. Apróbase o informe do director da Asesoría Xurídica que sinala que non procede interpoñer recurso de casación contra ase sentenzas do TSXG sobre o prezo xusto nas expropiacións forzosas do proxecto da DM-6 ZL 85 en Triacastela; e pide que se aclaren posibles responsabilidades en tanto que as sentenzas sinalan que “O Concello de Santiago, representado innecesariamente por procuradora e utilizando avogado colexiado e non os seus servizos xurídicos, pretende rebaixar notablemente o valor do solo interpoñendo recurso sen acompañar certificación da Secretaría acreditativa do acordo que autorice o exercicio de accións ni o ditame previo a tal exercicio”. As sentenzas impoñenlle ao Concello as custas dos procesos, ata un máximo de 1.500 euros as da Xunta, e outros 1.500 euros para o letrado, así como os dereitos de procurador”

3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar conta dos convenios asinados con Cáritas Diocesana de Santiago-Programa Vagalume, e Universidade de Santiago (actividades para a formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero e promoción da conciliación da vida familiar e laboral). Dase conta.

4.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais para dar conta dos convenios asinados con 24 entidades/asociacións sociais. Dase conta.

5.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao inicio do procedemento, aprobación de gastos para o desenvolvemento das actividades incluídas na campaña de sensibilización do 25 de novembro. Apróbase a campaña, por un importe de 45.700 euros.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta do fallo do xurado da IX Edición dos Premios “EducaCompostela”. Dase conta.